

ASUNTO: PLE/2021/00000941B

No Salón de Sesións da Casa Consistorial do Excmo. Concello de Santiago de Compostela, cando son as **9:30 horas** do día **20 de xaneiro de 2021**, constitúese o Pleno da Corporación en primeira convocatoria de sesión extraordinaria.
Sesión Telemática Zoom ID de reunión: 995 7361 8316.

ASISTEN:

Don Xosé A. Sánchez Bugallo, Alcalde-Presidente (presente no salón de sesións)

PSdeG-PSOE:

Dona Mercedes Rosón Ferreiro
Don Gumersindo Guinarte Cabada
Dona María Milagros Castro Sánchez
Don Gonzalo Muíños Sánchez
Dona Marta Abal Rodríguez (presente no salón de sesións)
Don José Manuel Pichel Patiño
Don José Javier Fernández Martínez
Dona María Esther Pedrosa Carrete
Don Rubén Pol Mariño

PP:

Dona Ana Belen Sabel Iglesias
Don Alejandro Sánchez-Brunete Varela
Dona María Angeles Antón Vilasánchez
Don José Antonio Constenla Ramos
Don Evaristo Ben Otero
Don Ramón de Jesús Quiroga Limia (presente no salón de sesións)
Dona Beatriz Cigarrán Vicente
Dona María Castelao Torres

CA:

Dona Branca Petra Novo Rey
Dona Marta Irene Lois González
Don Jorge Carlos Duarte Vázquez
Dona María Rozas Pérez (presente no salón de sesións)
Don Xan Xesús Duro Fernández

BNG:

Dona María Goretti Sanmartín Rei (presente no salón de sesións)
Dona Navia Rivas de Castro.

D. Juan Ramón González Carnero, interventor xeral municipal.

José Ramón Alonso Fernández, secretario xeral do Pleno do Concello de Santiago de Compostela.

Se presupón ao non manifestar ningún dos/as asistentes o contrario que todos/as se encontran en territorio español.

ORDEN DO DÍA

1. INTERVENCIÓN. Referencia: 2021/00000941B.

Aprobación da conta xeral do ano 2019

2. INTERVENCIÓN. Referencia: 2021/00000941B.

Dar conta de recoñecementos extraxudiciais correspondentes ao ano 2019

ACORDOS DA SESIÓN

1. INTERVENCIÓN. Referencia: 2021/00000941B.

Aprobación da conta xeral do ano 2019

A conta xeral correspondente ao exercicio de 2019 foi ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de Presidencia, Réxime Interior, Facenda e Especial de Contas, na súa sesión ordinaria do día 19 de novembro de 2020, e publicada no BOP do día 23 seguinte, núm. 199, e durante o período de exposición non se formularon reparos nin observacións á mesma.

Rematado o debate, o Pleno da Corporación por 10 votos a favor correspondentes aos concelleiros e concelleiras do grupo municipal do PSdeG-PSOE e 15 abstencións correspondentes aos concelleiros/as dos grupos municipais do Partido Popular, de Compostela Aberta e do BNG (8 PP, 5 CA e 2 BNG), acorda:

1. Aprobar a Conta Xeral do Concello de Santiago de Compostela, correspondente ao exercicio de 2019.

2. Render a Conta Xeral ao Consello de Contas de Galicia e ao Tribunal de Contas, nos termos establecidos no artigo 212.5 do TRLRFL e restante normativa de aplicación.

2. INTERVENCIÓN. Referencia: 2021/00000941B.

Dar conta de recoñecementos extraxudiciais correspondentes ao ano 2019

Dáse conta de recoñecementos extraxudiciais correspondentes ao ano 2019 (relación que consta de 48 páxinas, e comeza polo expediente núm. REC-87 e remata polo núm. REC-1425).

O señor alcalde pecha a sesión cando son as 10:07 horas, do que como secretario, dou fe.